

Celso Emilio Ferreiro: *Viaxe ao país dos ananos*

Basilio Losada

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GIMFERRER, BASILIO (2011 [1989]). “Celso Emilio Ferreiro: *Viaxe ao país dos ananos*”. *Dorna*: 15, 63-64. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/579>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LOSADA, BASILIO (1989). “Celso Emilio Ferreiro: *Viaxe ao país dos ananos*”. *Dorna*: 15, 63-64.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

CELSE EMILIO FERREIRO:
VIAXE AO PAÍS DOS ANANOS

Basilio Losada

En maio de 1966, Celso Emilio Ferreiro emigrou a Caracas, fiel ó trágico destino do seu pobo, como un máis entre os miles de emigrantes botados cada ano ó exodo máis dramático da historia moderna. Antes coñecera o éxito de *Longa noite de pedra*, sen dúbida o libro de máis resonancia popular da literatura galega de posguerra. Máis tarde, dúas copiosas edicións bilingües esgotadas nun ano virían a demostrar que a eficacia de *Longa noite de pedra* non decrecía ó saír dos lindes de Galicia.

O exilio ía supor para Celso Emilio Ferreiro unha experiencia desoladora. Anos antes nun dos seus mellores poemas —"Fucó Buxán", publicado en México, no número un da revista *Vieros*— chamaba polo exodo como esperanza:

*"... mentras o tempo da Patria non
cheiga
mentras o tempo que denigra,
deixa ese oscuro afán que te atafega.
¡Fucó Buxán: emigra!"*

Nos primeiros anos da posguerra a cultura galega refuxiouse no exilio. Buenos Aires foi durante varios anos o único centro editorial, alí publicáronse algúns libros fundamentais da literatura galega de hoxe: *Sempre en Galiza*, de Castelao; *Memorias dun neno labrego*, de Neira Vilas; *Fardel de eisiliado*, de Luis Seoane. A través deles coñeciamos unha cara da emigración, a dos

CELSE EMILIO FERREIRO

**VIAXE AO PAÍS
DOS ANANOS**
**VIAJE AL PAÍS
DE LOS ENANOS**

Texto gallego|castellano

Traducción y prólogo
de Jesús Alonso Montero



EL BARDO COLECCION DE POESIA

teimudos loitadores nunca resignados, a dos que permitiron a supervivencia de Galicia feita voz a través dos anos escuros. A outra cara, a dos que regresaban fracasados tras anos de estéril esforzo, coñecíamola tamén sobradamente. Pero a Galicia do exodo fora idealizada, mitificada en parte. Ninguén falaba dos que

*"esqueçeron o tempo da pobreza
e a fala dos abós; pro non sabían
a vileza sin fin en que vivían...
Fardados en esóticas albardas,
falando nun idioma estrafalario.."*

Eran estes os triunfadores, os satisfeitos, aqueles que sabe Deus a costa de que esforzos miserables se ergueran sobre a multitude dos vencidos. Estes son o *país dos ananos* do que nos falaba Celso Emilio Ferreiro. Na literatura galega e castelá xa fora denunciada algunha vez a súa presenza: eran os *mercachifles* deostados nos anos da independencia de Cuba por Curros Enríquez, os *gachupines* da Nova España que retratou fielmente Valle Inclán.

*".. A terra prometida
a Galicia emigrada que eu buscaba
era somente un pozo de residuos,
unha corte de ovelas resiñadas,
emporio de logreiros,
caverna de usureiros,
buraco de tendeiros,
guarida de compadres basureiros..."*

Despois da experiencia desoladora do exilio, Celso Emilio Ferreiro empeza significativamente este libro cun poema que é a contravoz de "Fuco Buxán":

*"A xeito de S.O.S.
falo na madrugada:
Pechai todas as portas
e que xa ninguén saia..."*

Parte do éxito de *Longa noite de pedra* débese a que a súa voz de denuncia era tamén un berro de esperanza. Tampouco a perde Celso Emilio trala súa loita amarga de emigrante:

*"Eiquí, entre estes homes pequeniños
penso na Patria e síntome un xigante.
Penso en Galicia e vexo un lume aceso
nas pálpebras azues do paisaxe..."*

Toda a primeira parte do libro ecoaba nesa nota de sarcasmo esperanzado que Celso Emilio Ferreiro, fiel á poesía civil do século XIX, dominaba con mestría. A súa enorme capacidade para o improprio, para

a sátira despiadada, con ecos dos cancioneros de escarnio, reaparecía aínda máis rabiosa e consciente que en *Longa noite de pedra*.

Na segunda parte inseríanse poemas que prologan a liña testemuñal do seu libro anterior. Pero non en balde Celso Emilio Ferreiro botouse polos camiños do mundo co seu fardelo de ira e esperanza. Poemas como "Apartheid", "Digo Viet-Nam e basta", resultan inequívocos e rebordan toda inspiración contidamente nacional. Xa non é unicamente Galicia como problema —problema pavoroso— o que pon en carne viva a ira desapiadada do poeta. E, nembargantes, os mellores poemas do libro son aínda os que seguen tendo Galicia como tema: "Ao lonxe Ourense", "Amencer en Vigo", "Palabras a un pintor galego".

Poucas veces un libro de poesía foi tan esperado en Galicia como aquela obra de Celso Emilio. Se cadra o mellor eloxio é dicir que non decepcionou a ninguén. A gran vea ignorada da lírica galega, a voz sarcástica e irada, de neta raíz popular, a poesía de *circunstancias* no seu máis nobre senso, xurdía de novo, viva e eficaz.

Viaxe ao país dos ananos levou un excelente prólogo de Xesús Alonso Montero, que sitúa adecuadamente a obra de Celso Emilio no seu contexto literario social. A versión ó castelán, literal e enfrentada co orixinal galego, serve "como un dicionario sintacticamente organizado". O traductor non se permitiu a menor liberdade interpretativa. O texto orixinal, escrito nun galego fluído e popular, coas mínimas concesións á linguaxe literaria, facilitáballe, por outra banda, a lectura ó lector alleo á literatura galega. O prólogo completábase cunha interesante bibliografía da obra de Celso Emilio Ferreiro, e revelounos a existencia dunha obra (*Voz y voto* publicada en 1954 en ¿Montevideo?) que pouco circulou por España e que era absolutamente descoñecida para o lector e a crítica daqueles anos.